

[Escriba aquí]



VIOLENCIA VICARIA. UN MALTRATADOR NON É UN BO PAI

Un maltratador non é un bo pai, nin tan sequera é un pai. A cifra é espeluznante, **TRINTA E NOVE** nove crianzas morreron na última década en mans dun maltratador, dun asasino aos que a xustiza, considera que teñen dereitos por ser pai e volvemos a facernos a mesma pregunta, Realmente se está a facer todo para que esto non ocorra? Se está a facer todo para evitar a violencia vicaria.

A **VIOLENCIA VICARIA** é o exercicio máis cruel contra as mulleres e eles, os machistas sabeno. Non. Non hai discusión posible ao respecto. Matan ás crianzas para matar á nai.

Estamos nun contexto de violencia institucional na que se alimenta a violencia vicaria. A xudicatura patriarcal é cómplice de asesinato, cando poñen a disposición dun potencial asesino ás vidas das fillas e os fillos dunha muller maltratada. Saben o risco que eso supón pero aínda así, asumeno por eso, hai trinta e nove crianzas asesinadas no que vai dende o 2013.

Se alguén está a pensar que quizás a xustiza non conta cun instrumento legal para protexer ás crianzas dicirlle que a potestade de suspender as visitas, está recollida no artigo 66 da Lei Orgánica 1/2004 de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. En cantos casos se aplicaron? *En el año 2020 sólo el 3,01 % de las órdenes de protección contenía una medida civil de suspensión de visitas; en 2019, el 3,04 %.*¹

En febreiro unha sentenza en Vigo, retiraballe a custodia compartida a un pai por deixadez nos coidados da súa filla Pero manterá o rexime de visitas, e de vacacións maila ter unha causa pendiente por violencia machista.. Cómo pode

¹ Datos proporcionados pola Asociación de Xuristas Themis

[Escriba aquí]



ser?. Unha vez máis a xustiza opta polos dereitos do maltratador por riba dos da menor ou do menor.

Non temos medo a levantar esta acusación. Os feitos son o que son e non cabe discusión e por suposto, non cabe o medo.

Puidera parecer que existen avances na protección ás crianzas coa nova lei de Orgánica de protección integral á infancia. Pero non é tal. As fillas e os fillos seguirán en mans do criterio “razonado” dun xuíz . E xa sabemos como anda de feminismo os xuíces. Non esquezamos a sentenza da manada na que se nos veu dicir, *esto é o que podeades agardar da xustiza*. Pero temos outro exemplo, Juana Rivas. A quen a xustiza revitimiza e a condea ao cárcere por protexer ás súas crianzas dun maltratador. Porque para meternos no cárcere o a maquinaria xudicial funciona. Está perfectamente engrasada.

Estamos nas mesmas cuha lei que deixa nas mans dos xuíces as nosas vidas?. Se a resposta é afirmativa, estamos diante dun novo fracaso do Estado diante a violencia contra as mulleres.

Outra pregunta sería cómo se vai reforzar a protección da menor ou do menor cando estén a pasar os días co seu “pai”?. Vai a prevalecer a falsa presunción de inocencia fronte o dereito fundamental á vida?

O que está claro é que non nos serven de nada, os laios do presidente do Goberno e seguramente que a resposta do ministerio de igualdade, tampouco porque non se acometeu unha verdadeira revolución feminista. O patriarcado segue a ter o poder de decisión sobre as mulleres. Non abonda con dicir son feminista. Hai que selo. E selo significa ter a firme convicción e vontade para acometer esa revolución.

[Escriba aquí]



Hoxe as feministas radicais estamos cheas de rabia diante o que se pode evitar e non se evita. Esta nota vai chea desa rabia máis a rabia sen acción, non nos leva a nada.

Por nosoutras, por elas, polas que xa non están, saiamos ás rúas e fagamos revolución. Ninguén o fará por nosoutras!.

